


BOLETIN OFICIAL



PARLAMENTO DE GALICIA

II LEXISLATURA
1989

Ano VIII

N.º 365

14 de abril de 1989

I. TEXTOS EN TRAMITACIÓN

B. PROPOSICIÓN DE LEI

— Do G.P. Mixto, a iniciativa de D. Xosé Manuel Beiras Torrado, relativa á adecuación do sistema de probas de acceso á Universidade ós criterios de transparencia e igualdade de oportunidades (n.º 11.602).

7.266

D. PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN**4. PROPOSICIÓN NON DE LEI EN PLENO**

- Do G.P. Mixto, a iniciativa de D. Antonio Martínez Aneiros, sobre os presos existentes en Galicia por motivos de obxección de conciencia (n.º 11.618). 7.268

G. PREGUNTAS**1. CON RESPUESTA ORAL EN PLENO**

- | | |
|--|---|
| <p>— Do G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. Xulio Pardellas de Blas, sobre avaliación e medidas en relación coa mellora da calidade nos produtos marisqueiros (n.º 11.620). 7.271</p> <p>— Do G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. Xulio Pardellas de Blas, sobre medidas para paliar as consecuencias nos bancos marisqueiros dos verquídos na ría de Pontevedra (n.º 11.621). 7.271</p> | <p>— Do G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. Xulio Pardellas de Blas, sobre accións previstas pola Consellería de Pesca para promover a participación da muller nas asociacións profesionais e sindicais do sector pesqueiro (n.º 11.622). 7.272</p> <p>— Do G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. Xulio Pardellas de Blas, sobre actuacións e medidas respecto do conflito entre bateiros e arrastreiros na ría de Arousa (n.º 11.623). 7.273</p> |
|--|---|

2. CON RESPUESTA ORAL EN COMISIÓN

- | | |
|--|--|
| <p>— Do G.P. Mixto, a iniciativa de D. Fernando Martínez Randulfe, sobre a situación da Garda Civil en Galicia (n.º 11.615). 7.273</p> | <p>— Do G.P. Mixto, a iniciativa de D. Fernando Martínez Randulfe, sobre os proxectos de construción no recheo da enseada de Vilaxoán (Pontevedra) (n.º 11.624). 7.275</p> |
|--|--|

3. CON RESPUESTA ESCRITA

- Do G.P. Mixto, a iniciativa de D. Antonio Martínez Aneiros, sobre a lingua de ensino empregada polos profesores da área de Ciencias Sociais das Escolas Universitarias do Profesorado de EXB de Galicia (n.º 11.619). 7.276

II. TEXTOS APROBADOS**I. RESOLUCIÓN E DECLARACIÓN**

- Resolucións aprobadas no Pleno do 16 de marzo de 1989, sobre a situación actual e as perspectivas de futuro de Galicia. 7.277

VI. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

i. INFORMACIÓN

- Bases do concurso para o outorgamento en rexime de concesión, do servicio de cafetería do Pazo do Parlamento de Galicia. 7.287

I. TEXTOS EN TRAMITACIÓN**B. PROPOSICIÓN DE LEI****PRESIDENCIA**

Por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 4 de abril de 1989, admítase a trámite a Proposición de Lei formulada polo G.P. Mixto, a iniciativa de D. Xosé Manuel Beiras Torrado, relativa á adecuación do sistema de probas de acceso á Universidade ós criterios de transparencia e igualdade de oportunidades (n.º 11.602).

De conformidade co disposto nos artigos 65 e 123.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, do 14 de xullo de 1983 (B.O.P.G. n.º 150), ordénase a súa publicación no Boletín Oficial desta Cámara.

Santiago de Compostela, 6 de abril de 1989.

O PRESIDENTE
Tomás Pérez Vidal

O Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa de Xosé Manuel Beiras Torrado, Deputado do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do disposto no Regulamento desta Cámara, formula a seguinte Proposición de Lei relativa á adecuación do sistema de probas de acceso á Universidade ós criterios de transparencia e igualdade de oportunidades.

Exposición de motivos:

Unha ampla base social de colectivos implicados no tema das probas de selectividade está grandemente sensibilizada ante o feito de que o actual sistema viola os principios propios dun ensino democrático, participativo e galego. Esta crenza apóiase nas seguintes consideracións de fondo:

A) As necesidades sociais e as necesidades do sistema político non están relacionadas, de forma que a planificación universitaria se orienta contra as necesidades da sociedade que di servir.

B) As probas de selectividade son a culminación dun sistema que é máis segregador que selectivo xa desde a EXB. A modo de exemplo, extrapolable, nun estudio aleatorio realizado en varios centros da zona de Pontevedra demóstrase que só un 30% dos alumnos que iniciaron o BUP chegan á selectividade. Pódese, tamén, recorrer ós datos sobre a selectividade na Galicia, segundo fontes do MEC, onde se pode comprobar que a porcentaxe de aprobados nas probas de selectividade, na Universidade de

Santiago, na convocatoria de xuño de 1986, no referido ós centros do Estado, se sitúa no 60,6% (téñase en conta que se trata de alumnos xa previamente seleccionados no COU).

C) Estas porcentaxes indican que Galicia está sufrindo unha discriminación tamén neste campo, en relación co resto do Estado, no que o número de aprobados se sitúa arredor do 80%. Isto debe ser motivo de reflexión para as autoridades académicas, o poder político e a sociedade en xeral. Tendo, Galicia, a relación número de universitarios/poboación máis baixa de todo o Estado, temos, pola contra, o número de suspensos máis elevado. Loxicamente, urxe revisa-la capacidade de absorción de alumnos por parte da Universidade galega, esixindo maiores investimentos económicos.

D) Existe, polo demais, unha mecánica social e académica, consentida e mesmo potenciada polo sistema e os seus axentes políticos, que beneficia ó ensino privado fronte ó estatal. Os seus resultados nas probas de selectividade (80% de aprobados na convocatoria aludida) reforzan o seu status de centros de elite, definíndose a calidade académica polo máis que discutible criterio das calificacións, de tal xeito que se poidan situar nos primeiros postos das clasificacións para accederen ás Facultades que implican prestixio social, diñeiro e, polo tanto, poder. A mecánica das mesmas probas facilita a reprodución na discriminación, actuando, indirectamente, como elemento xustificador do desvío de fondos públicos para a subvención do ensino privado.

A estas consideracións de fondo veñen engadirse constatacións negativas, que reflexan o empobrecemento do labor educativo por mor das circunstancias nas que se debe desenvolver-lo traballo dos docentes e a aprendizaxe dos alumnos no COU. Así, toda a actividade céntrase na obsesión polo aprobado do alumno, nas probas de selectividade, en lugar de facilitar unha formación na área de coñecemento respectiva. O alumno, tamén obsesionado, perde a pouca capacidade crítica e curiosidade de saber que o sistema lle tolerou ata entón. Asemade, a presión social, psicolóxica e administrativa (pais, profesores, coordinadores) acaba por establecer barreiras non confesadas de competitividade de profesores, baseada no índice de aprobados ou suspensos. Non deixa de ser ata certo punto unha incongruencia que o sistema desautorice ou sancione as calificacións dadas polos profesionais, que o propio sistema seleccionou.

Pero o que provoca esta Proposición de Lei, ó

amparo do artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia, é o progresivo deterioro, mesmo formal, que de ano en ano sofren estas probas, e que no último curso 87/88 chegou a extremos indignantes. Este deterioro non está facendo máis que agudizalos males sinalados e posibilitar unha actuación, por parte da Administración educativa, que atenta contra os principios elementais de publicidade, igualdade de oportunidades e responsabilidade.

Boa mostra de todo o que acabamos de dicir poden se-las seguintes irregularidades que pasamos a enumerar:

1) Nomeamento de tribunais de forma caciquil, nepótica e arbitraria.

2) Comportamento escurantista deses tribunais, ó non existir responsable de calificacións, existir variabilidade de criterios de avaliación en cada membro, entregar exames para corrixir a terceiras persoas, e mesmo a alumnos de 3 ciclo de Facultades.

3) Os modelos de exame non sempre se corresponden co esixido, e polo tanto co explicado en COU.

4) As reclamacións efectuadas en xuño foron contestadas en setembro; nesta convocatoria, de 1.000 reclamacións foron atendidas 60.

Por todoo dito preséntase esta Proposición de Lei, que pretende corrixir e cubri-las mínimas garantías de fiabilidade e seguridade que impidan ou palién as graves inxusticias que se cometen no actual sistema de probas de acceso, sen por iso renunciar á formulación posterior dun sistema que permita unha adecuada e real integración do sistema educativo ás necesidades do país, desde o intre no que Galicia poida exercer-las competencias que como nación lle corresponden, e que hoxe lle son negadas.

Esta Proposición de Lei vén darlle cumprida satisfacción ó que desde diversos ámbitos, e moi especialmente as organizacións sindicais e estudantís nacionalistas, veñen reivindicando, mediante a recollida de sinaturas entre o profesorado ou as manifestacións estudantís, como paso previo ó que sería unha reformulación completa do sistema de acceso á Universidade, no que as probas de acceso seguen sendo un medio pouco idóneo.

Proposición de Lei de adecuación do sistema de probas de acceso á Universidade ós criterios de transparencia e igualdade de oportunidades

Título 1

Dos tribunais calificadoros das probas de acceso á Universidade

Artigo 1

Cada tribunal estará constituído, cando menos, por un membro especialista de cada unha das materias que van ser avaliadas. Tanto os membros do profesorado que pertencen ó ensino medio coma os de Universidade serán designados mediante sorteo público. O profesorado pertencente ó ensino medio será sempre maioritario numericamente nos tribunais.

Artigo 2

Os tribunais examinadores corresponderanse sempre cos calificadoros, de tal xeito que o asinante da acta coincida sempre co responsable da calificación. Considerarase falta grave, motivadora de expediente ou sanción, o recorrer a outras persoas distintas dos membros do tribunal para a corrección das probas ou para a realización de calquera outra actividade propia ou exclusiva do membro do tribunal.

Título 2

Da realización das probas

Artigo 3

O contido das probas adaptarase ós programas desenvolvidos en COU. As probas de cada disciplina serán elaboradas polos seminarios de cada materia, constituídos de forma aberta e democrática coa debida antelación.

Artigo 4

Dos modelos existentes de exames, recollidos en sobre e debidamente lacrados e selados, elixirase ó azar aquel que servirá de proba concreta en cada caso. Esta operación realizarase o día anterior ó exame e o sobre non será aberto ata o mesmo día do exame.

Artigo 5

Farase unha temporalización racional das diferentes probas, de xeito que non se acumule en sesións únicas e maratonianas a súa realización. As

probas de cada materia serán as mesmas para todos os exames que se celebren o mesmo día e hora en toda Galicia.

Artigo 6

No inicio de cada proba, avisarase publicamente do dereito que asiste a cada alumno a face-lo exame na lingua do noso país. Os tribunais actuarán con tolerancia ortográfica, a fin de que esta non se converta en elemento disuasorio na realización dos exames en lingua galega.

Artigo 7

Nos criterios de avaliación primarase fundamentalmente a capacidade de comprensión, capacidade de crítica e expresión, fronte á valoración de coñecementos concretos ou parcializados. Estes criterios seránlles dados a coñecer a todo o profesorado polo seminario respectivo.

Título 3

Das reclamacións

Artigo 8

No prazo de cinco días posteriores á publicidade das calificacións, os alumnos, acompañados do respectivo profesor que nomee o centro ó que pertencen, poderán reclamar sobre as calificacións obtidas, sendo obrigatoria, neste revisión, a presenza

dun membro do tribunal responsable da calificación.

Artigo 9

No caso de non existir acordo na revisión, o tribunal razoará por escrito os motivos da súa negativa á modificación de tal calificación. O alumno terá dereito a recorrer, en segunda instancia, a un tribunal calificador das apelacións, que deberá contestar nun prazo de dez días a tal reclamación.

Artigo 10

O proceso de avaliación e reclamacións rematará o 31 de xullo de cada ano, salvo disposición excepcional en contrario.

Disposición Adicional

Reduciranse ou, se é o caso, modifícaranse os programas de COU, atendendo á racionalidade horaria e ós contidos propios que debe ter un curso de orientación.

Disposición Derradeira

A presente Lei entrará en vigor o día posterior á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Asdo.: **Xosé Manuel Beiras Torrado**
Deputado do BNG e Portavoz do G.P. Mixto

D. PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN

4. PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO

PRESIDENCIA

Por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, adoptado en Sesión celebrada o día 4 de abril de 1989, admítase a trámite a Proposición non de Lei formulada polo G.P. Mixto, a iniciativa de D. Antonio Martínez Aneiros, sobre os presos existentes en Galicia por motivo de obxección de conciencia (n.º 11.618).

Así mesmo, acórdase a súa tramitación ante o Pleno do Parlamento de Galicia.

En cumprimento do disposto nos artigos 65 e 161.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia,

do 14 de xullo de 1983 (B.O.P.G. n.º 150), ordénase a súa publicación no Boletín Oficial da Cámara.

Os Grupos Parlamentarios poderán presentar Emendas á Proposición non de Lei ata 6 horas antes do comenzo da Sesión na que haxa de debaterse, de conformidade co artigo 161.2 do citado Regulamento.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 6 de abril de 1989.

O PRESIDENTE
Tomás Pérez Vidal

Sr. Presidente da Mesa do Parlamento de Galicia

O Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa do Deputado do PSG-EG Antonio Martínez Aneiros, de acordo cos dereitos que lle outorga o Regulamento, presenta a seguinte Proposición non de Lei en Pleno en relación cos presos que hai en Galicia por motivos de obxección de conciencia.

Proposición non de Lei:

Desde hai algún tempo a sociedade galega está recibindo os impactos das noticias que adoito se están a producir en torno ás actitudes mantidas polos denominados «insumisos», e, en xeral, por tódolos obxectores de conciencia.

Noticias que non hai moito a penas tiñan incidencia ningunha na opinión pública galega están chegando agora de tal xeito que mesmamente sorprenden a aquela parte da sociedade que consideraba que este era un tema resolto despois da aprobación da Lei 68/84, do 26 de decembro.

Pero resulta, pola contra, que debido á ambigüidade lexislativa e á consecuente discrecionalidade interpretativa que por esta razón se está a facer, xorden a cotío os conflitos, provocados pola diversa acepción do que debe significalo feito de declararse obxector de conciencia.

Porque hai que ter en conta que todo o que está ocorrendo non se reduce a unha mera discusión teórica senón que, segundo sexa a interpretación do feito, arrastra consigo ou non consecuencias de carácter traumático para os mozos obxectores que se atopan en período de ter que cumprir co servizo militar obrigatorio.

E Galicia está sendo punto de referencia singular neste caso, porque na Coruña é onde se atopan parte dos órganos militares relacionados coa responsabilidade da execución do establecido na LOC (Lei de obxección de conciencia) para a zona norte da Península, e en Ferrol é onde está ubicado o cárcere, tamén para a mesma zona, no que se atopan actualmente na cadea moitos dos obxectores.

Polo tanto, resulta comprensible que as noticias relacionadas con este tema acaden agora un reflexo fóra do habitual nos medios de comunicación que operan en Galicia.

E se este problema non pasa desapercibido no seo dunha sociedade pouco sensible a un tema demasiado sectorializado, aínda que non por iso menos importante, moito menos se explicaría que non mere-

cese a debida consideración por parte das institucións autonómicas, dado o seu carácter de feito social novo e singular, e que por outra parte xa ten merecido a atención doutros Parlamentos autónomos e do Congreso dos Deputados.

A cerna da cuestión radica, ó parecer, en que o obxector de conciencia non se considera un mero oponente ó cumprimento dun deber de carácter xeral, cal sería a prestación do servizo militar. A obxección quere ser máis que unha mera causa de exención dun deber xeral, porque, de ser así, remataría simplemente coa substitución desta obriga por outra que levase consigo a realización de tarefas distintas.

Pero non é só isto o que constitúe o núcleo da formulación da obxección, senón que entraña bastante máis fondura do que suporía un trivial troco de tarefas.

Patindo deste feito concreto, os obxectivos levan a sumerxerse en algo tan subxectivo e importante para a persoa como é a consideración da conciencia como valor substantivo do ser humano.

Así se entende que os insumisos lle neguen á CNOC (Consello Nacional de Obxección de Conciencia) non só a capacidade, senón sobre todo a facultade de determinar quen é ou non obxector de conciencia.

«De internis nemo judicat» e polo tanto unha comisión, por moi técnica e capaz que se considere, non parece o medio máis axeitado para determinar quen formula ou non con sinceridade a solicitude para ser declarado obxector de conciencia; ¿quen pode ler no interior da conciencia doutra persoa?

Se isto é así, haberá que admitir que o desenvolvemento da LOC neste aspecto é, cando menos, desacertado. Ademais, parece entrar incluso en contradición co propio artigo 16 da Constitución.

Polo tanto, os obxectores teñen logo dereito a non admitir que a súa conciencia individual sexa sometida a exame, e moito menos a que coa intervención da CONC se entenda depurada a sinceridade ou non da súa razón de ser obxector.

De feito, a única parte da LOC que se está aplicando é a que regula o procedemento para recoñecerlos obxectores, estando previsto que as primeiras prestacións substitutorias se poñan en marcha a partir dos meses de marzo-abril do presente ano. Por outra banda, os obxectores, desde a constitución da CNOC, utilizaron masivamente unha declaración común, na que se negaban a somete-la súa

conciencia a exame, apelando ós dereitos fundamentais da liberdade ideolóxica, ó dereito á intimidade e a non declarar sobre a propia ideoloxía, relixión ou crenzas.

En xaneiro de 1988 tódalas declaracións foron aceptadas (9.368, segundo os datos da CNOC).

A pesar disto, despois de febreiro de 1988 a CNOC respóndelle ó obxector que este tipo de declaración non proporciona a suficiente evidencia sobre a obxección de conciencia alegada, polo que se lle insta a que a amplíe, so pena de non ser recoñecido legalmente.

Diante disto, os obxectores presentaron recursos en demanda dun tratamento igual ó dos 9.368 anteriormente admitidos. A resposta da CNOC foi a de denegarlles ós obxectores a condición de tales.

Durante 1988 producíronse deste xeito 2.000 denegacións de obxectores e, en consecuencia, están sendo chamados a filas. A inmensa maioría deles foron sorteados en novembro de 1988, polo que comenzan a ser chamados os reemprazos de 1989.

Nesta situación, a regresión contra os obxectores dáse de diversos xeitos:

1.º A CNOC non admite a obxección dos xoves que exercen o dereito durante a prestación do servizo militar, sendo acusados de deserción, como ocorreu cun rapaz que logo foi posto en liberdade provisional, tras seis meses de cadea en rexime de comunicación, precisamente o día antes de que unha comisión parlamentaria acudira a visitalo para expresarlle a súa solidariedade.

2.º Os obxectores recoñecidos que se neguen a realiza-la prestación substitutoria prevista na LOC, por non acepta-las súas disposicións primitivas, recibirán unha pena aínda máis grande cá correspondente á negativa a presta-lo servizo militar: de dous anos, catro meses e un día a seis anos.

Se algunha virtualidade ten a declaración universal dos dereitos humanos, unha delas será a de lexitar certas condutas, como a da obxección de conciencia, que non deberían logo ser sancionadas como ilegais por determinada lexislación, coma a LOC.

A conduta dos obxectores que non aceptan a LOC parece que debía estar amparada por semellante cobertura. Así, os obxectores que se atopan no cárcere pola súa actitude firme neste caso foron recoñecidos por Amnesty International como os primeiros «presos de conciencia» no Estado Español, despois da dictadura, e a loita dos obxectores de conciencia mereceu o premio á defensa dos dereitos humanos outorgado pola «Asociación pro Dereitos Humanos» a nivel de Estado en 1987.

O que queda exposto evidencia a necesidade de que o Parlamento Galego non permaneza insensible diante de semellantes cuestións que afectan directamente, dun xeito tan significativo, a unha parte da poboación, como é a xuventude en período de quintas, e indirectamente a todos, e que require non só un pronunciamento senón incluso a intervención directa.

Por iso o Deputado presenta a seguinte Proposición non de Lei:

—O Parlamento manifesta a súa preocupación porque existan actualmente en Galicia presos debido ó feito de que se consideraren obxectores de conciencia.

—O Parlamento acorda a creación dunha representación parlamentaria coa finalidade de que visite ós obxectores que cumpren prisión nalgún dos cárceres de Galicia e coñeza directamente a súa situación.

—O Parlamento insta á Xunta de Galicia para que interveña diante do Goberno Central co fin de propiciar que os mozos que están a sufrir cadea en Galicia por razóns de obxección de conciencia sexan liberados canto antes.

Santiago, 29 de marzo de 1989.

Asdo.: **Antonio Martínez Aneiros**
Deputado do PSG-EG

Xosé M. Beiras Torrado
Portavoz do G.P. Mixto

G. PREGUNTAS**1. CON RESPUESTA ORAL EN PLENO****PRESIDENCIA**

Por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, adoptado en Sesión celebrada o día 4 de abril de 1989, admítase a trámite o escrito formulado polo G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. Xulio Pardellas de Blas, sobre avaliación e medidas en relación coa mellora da calidade nos produtos marisqueiros (n.º 11.620).

Califícase como Pregunta con resposta oral en Pleno.

En cumprimento do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento do Parlamento de Galicia, do 14 de xullo de 1983 (B.O.P.G. n.º 150), ordénase a súa publicación no Boletín Oficial da Cámara.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 6 de abril de 1989.

O PRESIDENTE
Tomás Pérez Vidal

Xulio Pardellas de Blas, Deputado pertencente ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ó abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, formula ante esa Mesa a seguinte Pregunta oral en Pleno, dirixida ó Sr. Conselleiro de Pesca.

A campaña marisqueira que acaba de rematar ofreceu uns resultados de gran regularidade, tal e como deixou manifesto o Conselleiro ante os medios de comunicación o pasado 10 de marzo, o mesmo día que daba cabo o período legal de extracción de moluscos.

Uns ingresos en primeira venda de 2.100 millóns de pts. para este sector e unhas contratacións que se estenderon a máis de 100 días nalgúns lonxas dan abondo idea da racionalidade cada vez máis estable das actividades productivas, o que pode considerarse en rigor como unha primeira fase de modernización do sector, absolutamente imprescindible, pero necesitada de posteriores fases de melloras organizativas e productivas para a súa consolidación.

Aínda sen entrarmos no proceso de distribución,

pódese deducir xa nunha breve ollada ó marisco ofertado nas lonxas que se pode mellorar moi notablemente a súa calidade e en consecuencia o prezo xa na primeira subhasta.

Con tal preocupación e coñecendo a existencia de partidas importantes dedicadas a tal fin nos presupostos da Consellería, é polo que o Deputado que subscribe formula a seguinte Pregunta:

¿Ten avaliadas a Consellería as necesidades de mellora da calidade nos produtos marisqueiros e que medidas concretas para o fomento desta mellora da calidade ten previsto levar a cabo?

Parlamento de Galicia, 30 de marzo de 1989.

Asdo.: **Xulio Pardellas de Blas**
Deputado

PRESIDENCIA

Por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, adoptado en Sesión celebrada o día 4 de abril de 1989, admítase a trámite o escrito formulado polo G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. Xulio Pardellas de Blas, sobre medidas para paliar as consecuencias nos bancos marisqueiros dos verquidos na ría de Pontevedra (n.º 11.621).

Califícase como Pregunta con resposta oral en Pleno.

En cumprimento do disposto nos artigos 65 e concordantes no Regulamento do Parlamento de Galicia, do 14 de xullo de 1983 (B.O.P.G. n.º 150), ordénase a súa publicación no Boletín Oficial da Cámara.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 6 de abril de 1989.

O PRESIDENTE
Tomás Pérez Vidal

Xulio Pardellas de Blas, Deputado pertencente ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ó

abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, formula ante esa Mesa a seguinte Pregunta oral en Pleno, dirixida ó Sr. Conselleiro de Pesca.

Varios equipos de investigación levan anos a estudar a estrutura de correntes e o rexime hidrolóxico da ría de Pontevedra, por mor de acadar unha saída razoable ó grave proceso de deterioro ambiental da mesma, provocado principalmente polos refugallos sólidos e líquidos urbanos e mais polos verquidos do complexo industrial ENCE-ELNOSA, ubicados xusto diante dos máis importantes bancos marisqueiros de berberecho e ameixa babosa e fina, non só da ría, senón mesmamente de todo o litoral galego.

Da relevancia económica dos citados bancos, aínda a pesar do deterioro ambiental, dan proba as cifras de 147 millóns de pts. contratadas pola venda daqueles moluscos nas lonxas de Lourizán e Pontevedra, e se a estas unímo-los 128 millóns de pts. contratadas na lonxa de Bueu pola ameixa rubia, obtemos unha concentración na ría de Pontevedra de case o 20% do total dos ingresos obtidos en toda a costa galega na campaña marisqueira que rematou legalmente a primeiros de marzo.

A inmediata deducción destes datos, que faría calquera persoa sen maiores coñecementos técnicos de bioloxía, ecoloxía e economía pesqueira, é que esta produción debería poderse multiplicar se non existise o deterioro ambiental observable nas rías, e de feito semella evidente que algúns dos bancos marisqueiros máis próximos ó complexo industrial ENCE-ELNOSA aparecen notablemente minguidos respecto do seu potencial productivo.

Preocupado por esta situación, que afecta a unha comunidade social de enorme importancia, e coñecendo o interese da Consellería por modernizar e mellora-lo sector marisqueiro, é polo que o Deputado que subscribe formula a seguinte Pregunta:

¿Ten estudiadas e avaliadas a Consellería as consecuencias ecolóxicas e económicas dos verquidos do complexo ENCE-ELNOSA sobre os bancos marisqueiros situados diante do mesmo na ría de Pontevedra e que medidas ten previstas para minorar ou eliminar estas consecuencias?

Parlamento de Galicia, 30 de marzo de 1989.

Asdo.: **Xulio Pardellas de Blas**
Deputado

PRESIDENCIA

Por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, adoptado en Sesión celebrada o día 4 de abril de 1989, admítase a trámite o escrito formulado polo G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. Xulio Pardellas de Blas, sobre accións previstas pola Consellería de Pesca para promociona-la participación da muller nas asociacións profesionais e sindicais do sector pesqueiro (n.º 11.622).

Califícase como Pregunta con resposta oral en Pleno.

En cumprimento do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento do Parlamento de Galicia, do 14 de xullo de 1983 (B.O.P.G. n.º 150), ordénase a súa publicación no Boletín Oficial da Cámara.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 6 de abril de 1989.

O PRESIDENTE
Tomás Pérez Vidal

Xulio Pardellas de Blas, Deputado pertencente ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ó abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, formula ante esa Mesa a seguinte Pregunta oral en Pleno, dirixida ó Sr. Conselleiro de Pesca.

No mes de decembro pasado celebráronse en Santiago as I Xornadas Galegas sobre do papel da muller no medio rural, nas que se debateron temas de singular interese, suliñando aspectos de tanta importancia para a actuación futura da Administración Autonómica como, por exemplo, a mínima participación da muller rural en asociacións profesionais e sindicais, aínda que o seu papel nas actividades productivas siga a ser preponderante.

Nas comunidades costeiras a situación semella ser notablemente idéntica á rural, tamén no tocante ó desequilibrio social entre o peso da muller no traballo productivo e a súa participación nas asociacións profesionais e sindicais (OPS, confrarías, etc.).

Na política explicitada pola Consellería en repetidas ocasións ocupa un destacado papel a formación dos traballadores do mar, e tendo en conta a importancia da muller neste sector e a citada falta de participación asociativa da mesma, preocupado por lo-

gra-la desaparición deste desequilibrio social, é polo que o Deputado que subscribe formula a seguinte Pregunta:

¿Que accións ten previstas a Consellería para fomentar e promover a participación da muller nas asociacións profesionais e sindicais do sector pesqueiro e ten elaborados programas de formación para apoiar este cambio social?

Parlamento de Galicia, 30 de marzo de 1989.

Asdo.: **Xulio Pardellas de Blas**
Deputado

PRESIDENCIA

Por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, adoptado en Sesión celebrada o día 4 de abril de 1989, admítese a trámite o escrito formulado polo G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. Xulio Pardellas de Blas, sobre actuacións e medidas respecto do conflito entre bateiros e arrasteiros na ría de Arousa (n.º 11.623).

Califícase como Pregunta con resposta oral en Pleno.

En cumprimento do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento do Parlamento de Galicia, do 14 de xullo de 1983 (B.O.P.G. n.º 150), ordénase a súa publicación no Boletín Oficial da Cámara.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 6 de abril de 1989.

O PRESIDENTE
Tomás Pérez Vidal

Xulio Pardellas de Blas, Deputado pertencente ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ó abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, formula ante esa Mesa a seguinte Pregunta oral en Pleno, dirixida ó Sr. Conselleiro de Pesca.

En días pasados, e tendo como orixe inmediata os efectos dos temporais de febreiro, aparecía de novo de forma grave e manifesta na ría de Arousa o conflito xa vello entre bateiros e arrasteiros de Cambadós pola recollida do mexillón desprendido das cordas das bateas.

Esta situación semella repetirse con regularidade nos últimos anos e ata agora conseguíuse evitalo enfrontamento con solucións pactadas, gracias ó sentido común demostrado polos dirixentes dos grupos en conflito, e tamén á mediación levada a cabo pola Consellería de Pesca.

Por iso, e dado que o sector de cultivo do mexillón é sen dúbida un dos máis importantes e de maiores expectativas de futuro dentro do conxunto das actividades acuícolas en Galicia, semella evidente a necesidade dunhas condicións de traballo pacíficas e normalizadas dentro das rías.

Con esta preocupación e considerando de vital importancia a actuación da Consellería neste problema, é polo que o Deputado que subscribe formula a seguinte Pregunta:

¿Cal foi ata agora o papel da Consellería na mediación do conflito entre bateiros e arrasteiros na ría de Arousa e que medidas de regulación das actividades ou doutro tipo ten previstas a Consellería para solucionar definitivamente este conflito?

Parlamento de Galicia, 30 de marzo de 1989.

Asdo.: **Xulio Pardellas de Blas**
Deputado

2. CON RESPUESTA ORAL EN COMISIÓN

PRESIDENCIA

Por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, adoptado en Sesión celebrada o día 4 de abril de 1989, admítese a trámite o escrito formulado polo G.P. Mixto, a iniciativa de D. Fernando Martínez Randulfe, sobre a situación da Garda Civil en Galicia (n.º 11.615).

Califícase como Pregunta con resposta oral, que tramitará a Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xusticia e Interior.

En cumprimento do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento do Parlamento de Galicia, do 14 de xullo de 1983 (B.O.P.G. n.º 150), ordénase a súa publicación no Boletín Oficial da Cámara.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 6 de abril de 1989.

O PRESIDENTE
Tomás Pérez Vidal

Sr. Presidente da Mesa do Parlamento de Galicia

O Deputado do PSG-EG Fernando Martínez Randulfe, integrado no Grupo Parlamentario Mixto, de acordo cos dereitos que lle outorga o Regulamento, preséntalle a seguinte Pregunta oral en Comisión ó Conselleiro da Presidencia e Administración Pública sobre a situación da Garda Civil en Galicia.

Pregunta:

Acadou pública notoriedade o feito de que no seo da «Guardia Civil» hai un movemento de gardas que están levando a cabo un traballo legal, perante os competentes órganos da Administración e da Xurisdicción, para clarifica-la situación legal do corpo e dos seus membros, e que vai nunha dobre dirección:

1.—Recoñecemento do carácter «civil» do Instituto, como Corpo de Seguridade, que centra a súa actividade en funcións propiamente policiais, derivadas da súa misión de protexer-lo libre exercicio dos dereitos e liberdades e garanti-la seguridade cidadá; de xeito que teña consideración de «Forza Armada», e desempeñe as funcións propias destas, soamente en tempo de guerra ou estado de sitio, así como cando lle fosen encomendadas misións de carácter militar por encargo específico. «Non somos soldados», proclaman.

2.—Como consecuencia do anterior, manteñen dúas reivindicacións. A primeira delas, o dereito á libre sindicación, que teñen recoñecido as Forzas e Corpos de Seguridade. A este respecto está operando xa un sindicato «clandestino», presentado xa á sociedade pola prensa, mentres que a «Unión Democrática de la Guardia Civil» (UDGC) ten en trámite o seu recoñecemento como asociación profesional e cultural, que acada entre os seus fins a pretensión de conseguir que os valores constitucionais e democráticos empapen ós membros do Instituto (policía democrática nunha sociedade democrática e para unha sociedade democrática).

Pero non ten menos importancia unha segunda reivindicación: o dereito a que as sancións impostas ós seus membros sexan controladas pola Xurisdic-

ción ordinaria, e non pola militar. Téñase en conta que son moi numerosas as sancións consistentes en privación de liberdade (segundo as nosas informacións, unhas cinco mil no último ano, de maior ou menor duración), privacións de liberdade que se levan a cabo sen ningún control xudicial, e que están dando orixe a numerosos procedementos de «habeas corpus».

Os medios de prensa tanto en Galicia coma fóra dela publicaron que a devandita asociación ten elevado número de afiliados, que cifran en 25.000 no Estado, dos que uns 2.000 fican en Galicia (cinco comités).

Pois ben, a UDGCG (G de Galicia) vén facendo públicos unha serie de feitos gravemente preocupantes. Uns que directamente relaciona coa persecución ou discriminación que padecen por parte de mandos os gardas sospeitosos de pertencer á UDGC, e que repercuten no ambiente das unidades. Outros refírense á situación das «casas-cuartéis» e medios de traballo en Galicia.

Entre os que temos censados, salientamos algúns de modo indicativo:

«A) —La UDGCG declaró personas no gratas en la residencia (de Vigo) a un brigada y a un capitán de compañía, a los que acusan de trato «dictatorial y despótico» y pidió al Ministerio de Interior el cese del responsable de la provincia, coronel jefe, al que acusan de «ineptitud demostrada».

—Todo el personal del acuartelamiento de... está «muy descontento».

B) —La UDGC denuncia la «mafia» existente en el cuerpo, y que al Gobierno no le interesa que exista la asociación «para que no se descubra»...

«No nos sentimos representados por nuestros mandos, pues sólo representan sus intereses».

—«En la misma nota se afirma que existe una circular de 1986 en la que el Director del Cuerpo reconoce que desde hace dos años se producen persecuciones solapadas en funcionarios de la Guardia Civil».

—En una reunión celebrada en Santiago, la asociación acordó manifestar que al Gobierno del Estado «no le interesa cambiar de política... proque así cuando un agente reclama algo los dictadores del Cuerpo le callan la boca con correctivos leves o con expedientes por falta grave, privándolos de libertad como si fueran delincuentes peligrosos; si intentan

defenderse, se vuelve a abrir otro expediente y otro hasta que se calle o se expulse del cuerpo».

C) —El portavoz de la UDGCG señaló que los funcionarios de la GC en Vigo vienen padeciendo toda «una serie de irregularidades gravísimas», que dispone el resultado del enquistamiento en la Bemerita de actitudes propias del régimen anterior. P. Piden también que «todo el personal se limite a la tarea que encomienda la Ley 2/86, no como en la actualidad, en que existen (guardas) camareros, zapateros, recaderos, personal que pasea el perro o que tiene otros menesteres prohibidos por la ley y por el reglamento interno del Cuerpo, pero que los mandos no respetan; menesteres casi siempre de interés ajeno al Cuerpo y a los ciudadanos, que son a los que de verdad nos debemos».

—Afirman (la UDGCG) que el estado de las aproximadamente 200 casas-cuartel que existen en la Comunidad Autónoma es lamentable en la mayoría de los casos... De tal forma que se trabaja hasta 100 horas seguidas... Que la mala dotación de medios es una constante. Concretamente, los guardias de Cambados y Vilagarcía —zona de incidencia de drogas y contrabando— sufren restricciones de gasolina... se quejan también de tener un parque móvil viejo... Un guarda fue recientemente castigado a copiar un artículo 100 veces por cumplir una sanción leve».

—Denuncian incluso violación de correspondencia, amenazas verbais e malos tratos a esposas de gardas nalgũa casa-cuartel ubicada en Galicia.

A cuestión que formulamos ten especial transcendencia para Galicia. Como é ben sabido, as funcións policiais son exercidas polo corpo Nacional de Policía nas capitais de provincia e nos núcleos urbanos que o Goberno determina, mentres que lle corresponden á Garda Civil no resto do territorio, no rural. Sería inxusto e inxustificable que os cidadáns do rural tivesen ó seu servizo unha policía dotada de menos e peores medios, ou peor formada, ou menos «democratizada».

Pola nosa parte, sabido é que pretendémo-la consecución dunha Policía Autonómica para a nosa nación, e así o temos manifestado reiteradamente en tódolos ámbitos (programa, Parlamento, medios de comunicación, sociedade). Pero en todo caso queremos unha Policía democrática para una sociedade democrática. De aí que canto expuxemos xustifique a nosa preocupación e a presente Pregunta, que formulamos nos seguintes termos:

¿Que coñecemento ten o Goberno Galego destes feitos?

¿É informado o Goberno Galego sistematicamente destes asuntos polas autoridades competentes do Goberno Central, ou coñeceos de seu?

¿Considera o Goberno Galego que esta situación ten especial incidencia en Galicia e que pode afectar negativamente á vida concreta dos nosos concidádans?

¿Realizou o Goberno Galego algunha xestión ou utilizou a súa autoridade moral e política para cooperar á resolución dos problemas descritos da Garda Civil en Galicia?

Santiago, 29 de marzo de 1989.

Asdo.: **Fernando Martínez Randulfe**
Deputado do PSG-EG

PRESIDENCIA

Por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, adoptado en Sesión celebrada o día 4 de abril de 1989, admítase a trámite o escrito formulado polo G.P. Mixto, a iniciativa de D. Fernando Martínez Randulfe, sobre os proxectos de construción no recheo da enseada de Vilaxoán (Pontevedra) (n.º 11.624).

Califícase como Pregunta con resposta oral, que tramitará a Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo.

En cumprimento do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento do Parlamento de Galicia, do 14 de xullo de 1983 (B.O.P.G. n.º 150), ordénase a súa publicación no Boletín Oficial da Cámara.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 6 de abril de 1989.

O PRESIDENTE
Tomás Pérez Vidal

Sr. Presidente da Mesa do Parlamento de Galicia

O Deputado do PSG-EG Fernando Martínez Randulfe, integrado no Grupo Parlamentario Mixto, de acordo cos dereitos que lle outorga o Regulamento, preséntalle a seguinte Pregunta en Comisión ó Conselleiro de Pesca en relación cos proxectos de construción no recheo da enseada de Vilaxoán (Pontevedra).

Pregunta:

En Vilaxoán existe, segundo puido saber este Deputado, unha notable inxuedanza na poboación polo uso que se lle vai dar ó recheo da enseada do porto, ó parecer destinado en principio para situar un parque público.

Segundo parece a Consellería de Pesca está construíndo uns galpóns en parte deste espacio destinado a servizos do porto pesqueiro.

Xorde ante esta iniciativa unha aberta oposición por parte dos veciños e incluso do propio Concello.

Por todo isto o Deputado pregunta:

¿É certo que a Consellería de Pesca promove e/ou

realiza a construción duns galpóns no citado espacio?

¿Recabou a Consellería ou a institución que promove esta construción a licencia municipal pertinente e foille outorgada?

¿Cales son as funcións desas construcións e os fins e beneficiarios das mesmas?

¿Tivo en conta a Consellería a opinión dos veciños en xeral, dos pescadores e do propio Concello?

Santiago, 30 de marzo de 1989.

Asdo.: **Fernando Martínez Randulfe**
Deputado do PSG-EG

3. CON RESPUESTA ESCRITA

PRESIDENCIA

Por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, adoptado en Sesión celebrada o día 4 de abril de 1989, admítese a trámite o escrito formulado polo G.P. Mixto, a iniciativa do G.P. Mixto, a iniciativa de D. Antonio Martínez Aneiros, sobre a lingua de ensino empregada polos profesores da área de Ciencias Sociais das Escolas Universitarias do Profesorado de EXB de Galicia (n.º 11.619).

Califícase como Pregunta con resposta escrita.

En cumprimento do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento do Parlamento de Galicia, do 14 de xullo de 1983 (B.O.P.G. n.º 150), ordénase a súa publicación no Boletín Oficial da Cámara.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 6 de abril de 1989.

O PRESIDENTE
Tomás Pérez Vidal

Sr. Presidente da Mesa do Parlamento de Galicia

O Deputado do PSG-EG Antonio Martínez Aneiros, integrado no Grupo Parlamentario Mixto, de acordo cos dereitos que lle outorga o Regulamento, presenta a seguinte Pregunta, para a súa res-

posta por escrito, referida á lingua de ensino empregada polos profesores da área de Ciencias Sociais das Escolas Universitarias do Profesorado de EXB de Galicia.

Pregunta:

O Decreto 135, do 8 de setembro de 1988, de aplicación ó ensino da Lei de Normalización Lingüística do galego, marca as liñas dunha progresiva incorporación da lingua galega ó ensino, da que é exponente a Orde que establece o ensino en galego da área de Ciencias Sociais no nivel de EXB.

No seu efecto, procedeuse a unha inicial formación e servizo do profesorado ó respecto e distintas editoriais tiveron de fondo algún material didáctico adecuado.

Sen embargo, sendo de máxima relevancia a formación inicial co profesorado, contradictoriamente, case tódolos profesores da área de Ciencias Sociais das Escolas Universitarias de Formación do Profesorado de Galicia empregan só o castelán como lingua docente, en prexuício da requirida formación dos futuros mestres.

Considerando este Deputado que esta situación non pode manterse deste modo, pregunta:

1.º ¿Que porcentaxe de profesores e en que núme-

ro das Escolas Universitarias de Formación do Profesorado de EXB fan a súa docencia en castelán?

2.º ¿Que valoración realiza a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da presente situación?

3.º ¿Que medidas vai emprender e con que tem-

poralización a Consellería de Educación para modificar e repara-la actual irregularidade?

Santiago, 29 de marzo de 1989.

Asdo.: **Antonio Martínez Aneiros**
Deputado do PSG-EG

II. TEXTOS APROBADOS

I. RESOLUCIÓN E DECLARACIÓN

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en Sesión celebrada o día 16 de marzo de 1989, no punto único da Orde do Día, aprobou, por 41 votos a favor, ningún en contra e 25 abstencións, a Proposta de Resolución do G.P. Mixto, a iniciativa de don Xosé Manuel Beiras Torrado, sobre a situación actual e as perspectivas de futuro de Galicia (doc. n.º 11.492), con modificacións respecto do texto orixinal e co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

Que dada a incidencia que pode te-la autorización da instalación dunha ou varias plantas de fabricación de pasta de papel no solo galego, e tendo en conta a defensa e recuperación do noso patrimonio forestal e a diversificación da produción forestal, e facendo uso das competencias recollidas no Estatuto de Autonomía, nos artigos 23.3, 29.4 e 31.1, non conceda autorizacións en tanto non se garanta o control da súa incidencia na política forestal».

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 1989.

O PRESIDENTE
Tomás Pérez Vidal

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en Sesión celebrada o día 16 de marzo de 1989, no punto único da Orde do Día, aprobou, por unanimidade, a Proposta de

Resolución do G.P. Popular de Galicia, sobre a situación actual e as perspectivas de futuro de Galicia (doc. n.º 11.498), con modificacións respecto do texto orixinal e co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

Dirixirse á Administración Central esixindo o establecemento dunha negociación ininterrompida ata lograr un acordo sobre o traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia das funcións e dos medios persoais, materiais e financeiros en materia de servizos sanitarios dependentes do Instituto Social da Mariña (ISM)».

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 1989.

O PRESIDENTE
Tomás Pérez Vidal

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en Sesión celebrada o día 16 de marzo de 1989, no punto único da Orde do Día, aprobou, por 68 votos a favor, ningún en contra e 1 abstención, a Proposta de Resolución do G.P. Popular de Galicia, sobre a situación actual e as perspectivas de futuro de Galicia (doc. n.º 11.499), co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia a emprender unha acción decidida de loita contra o alcoholismo (un dos principais problemas sanitario-sociais de Galicia), que abarcará, como mínimo, tres fronte:

Autonómica: Elaborando e poñendo en marcha un programa sanitario específico por parte da Consellería de Sanidade.

Municipal: Estimulando o interese das Corporacións Locais no campo do alcoholismo e ofrecendo subvencións para o desenvolvemento dos seus programas específicos.

Cidadá: Asegurando o funcionamento das asociacións sen fins de lucro que veñen traballando no campo do alcoholismo (asociación de ex-enfermos e outras asociacións para a loita contra o alcoholismo), mediante unha adecuada política de subvencións que garanta a continuidade do seu importante labor e favorecendo a través delas a necesaria participación cidadá».

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 1989.

O PRESIDENTE
Tomás Pérez Vidal

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en Sesión celebrada o día 16 de marzo de 1989, no punto único da Orde do Día, aprobou, por 37 votos a favor, 3 en contra e 29 abstencións, a Proposta de Resolución do G.P. Mixto, a iniciativa de don Antonio Olives Quintás, sobre a situación actual e as perspectivas de futuro de Galicia (doc. n.º 11.506), con modificacións respecto do texto orixinal e co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia:

A fixa-los criterios que, dende a perspectiva da Comunidade Autónoma Galega, deben servir de base para negociar en 1991 a revisión do actual sistema de financiamento das Comunidades Autónomas de rexime común».

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 1989.

O PRESIDENTE
Tomás Pérez Vidal

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en Sesión celebrada o día 16 de marzo de 1989, no punto único da Orde do Día, aprobou, por 43 votos a favor, ningún en contra e 26 abstencións, a Proposta de Resolución do G.P. Mixto, a iniciativa de don Antonio Olives Quintás, sobre a situación actual e as perspectivas de futuro de Galicia (doc. n.º 11.507), co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia:

A impulsa-la implantación dunha rede básica de Servicios Sociais Comunitarios que abranga todo o territorio galego de acordo cunha planificación de carácter comarcal».

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 1989.

O PRESIDENTE
Tomás Pérez Vidal

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en Sesión celebrada o día 16 de marzo de 1989, no punto único da Orde do Día, aprobou, por 41 votos a favor, ningún en contra e 28 abstencións, a Proposta de Resolución do G.P. Mixto, a iniciativa de don Antonio Olives Quintás, sobre a situación actual e as perspectivas de futuro de Galicia (doc. n.º 11.508), co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia:

A que intensifique os traballos da campaña de saneamento gandeiro co fin de darlle cumprimento remate antes do ano 1991».

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 1989.

O PRESIDENTE
Tomás Pérez Vidal

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en Sesión celebrada o día 16 de marzo de 1989, no punto único da Orde do Día, aprobou, por 42 votos a favor, ningún en contra e 27 abstencións, a Proposta de Resolución do G.P. Mixto, a iniciativa de don Antonio Olives Quintás, sobre a situación actual e as perspectivas de futuro de Galicia (doc. n.º 11.509), e co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

Que, para acadar unha utilización dos recursos sanitarios públicos, efectúe a adscrición funcional ó Servicio Galego de Saúde dos hospitais dependentes das Corporacións Locais de Galicia, sen prexuício da transferencia definitiva dos mesmos prevista na propia Lei».

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 1989.

O PRESIDENTE
Tomás Pérez Vidal

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en Sesión celebrada o día 16 de marzo de 1989, no punto único da Orde do Día, aprobou, por 42 votos a favor, ningún en contra e 27 abstencións, a Proposta de Resolución do G.P. Mixto, a iniciativa de don Antonio Olives Quintás, sobre a situación actual e perspectivas de futuro de Galicia (DOC n.º 11.510), co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia:

Para que lle remita ó Parlamento no prazo de seis meses un Proxecto de Lei de Organización Territorial de Galicia que cumpra os mandatos establecidos para o efecto no Estatuto de Autonomía».

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 1989.

O PRESIDENTE
Tomás Pérez Vidal

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en Sesión celebrada o día 16 de marzo de 1989, no punto único da Orde do Día, aprobou, por 37 votos a favor, ningún en contra e 32 abstencións, a Proposta de Resolución do G.P. Mixto, a iniciativa de don Antonio Olives Quintás, sobre a situación actual e perspectivas de futuro de Galicia (DOC n.º 11.511), co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

Que remate e publique o Censo da frota galega de baixura».

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 1989.

O PRESIDENTE
Tomás Pérez Vidal

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en Sesión celebrada o día 16 de marzo de 1989, no punto único da Orde do Día, aprobou, por 40 votos a favor, ningún en contra e 29 abstencións, a Proposta de Resolución do G.P. Mixto, a iniciativa de don Antonio Olives Quintás, sobre a situación actual e perspectivas de futuro de Galicia (DOC n.º 11.512), co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

Que presente un Plan de Financiación da Universidade que teña en conta o crecemento que as ensinanzas universitarias veñen experimentando, a necesidade de creación de novas titulacións para darlles cumprida resposta ás demandas sociais, a potenciación da investigación e formación do profesorado para atende-las esixencias derivadas da expansión do sistema, e a consecución dun melloramento cualitativo da oferta actual».

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 1989.

O PRESIDENTE
Tomás Pérez Vidal

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en Sesión celebrada o día 16 de marzo de 1989, no punto único da Orde do Día, aprobou, por 38 votos a favor, ningún en contra e 31 abstencións, a Proposta de Resolución do G.P. Mixto, a iniciativa de don Antonio Olives Quintás, sobre a situación actual e perspectivas de futuro de Galicia (DOC n.º 11.513), co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

Que lle presente á Cámara con carácter urxente o proxecto de Lei de Xestión de Residuos Sólidos de Galicia».

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 1989.

O PRESIDENTE
Tomás Pérez Vidal

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en Sesión celebrada o día 16 de marzo de 1989, no punto único da Orde do Día, aprobou, por 38 votos a favor, ningún en contra e 31 abstencións, a Proposta de Resolución do G.P. Mixto, a iniciativa de don Antonio Olives Quintás, sobre a situación actual e perspectivas de futuro de Galicia (DOC n.º 11.514), co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

Que nesta Lexislatura presente un proxecto de Lei de Coordinación das Policía Locais de Galicia, e cree a Escola Galega de Seguridade».

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 1989.

O PRESIDENTE
Tomás Pérez Vidal

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en Sesión celebrada o día 16 de marzo de 1989, no punto único da Orde do Día, aprobou, por 42 votos a favor, ningún en contra e 27 abstencións, a Proposta de Resolución do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación actual e perspectivas de futuro de Galicia (DOC n.º 11.515), co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

Aprobar unha norma que no ámbito das responsabilidades autonómicas acade a utilización eficaz, xeral e integrada dos servizos do sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social e os medios de que dispón a Xunta de Galicia en materia de seguridade e hixiene».

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 1989.

O PRESIDENTE
Tomás Pérez Vidal

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en Sesión celebrada o día 16 de marzo de 1989, no punto único da Orde do Día, aprobou, por 42 votos a favor, ningún en contra e 27 abstencións, a Proposta de Resolución do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación actual e perspectivas de futuro de Galicia (DOC n.º 11.516), co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

Profundizar na súa política de creación de axencias de desenvolvemento local, establecendo un Plan xeral territorial e garantíndolles ós Concellos a súa continuidade no tempo a través de convenios plurianuais, que acade a consolidación e o incremento dunha rede completa nos concellos galegos».

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 1989.

O PRESIDENTE
Tomás Pérez Vidal

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en Sesión celebrada o día 16 de marzo de 1989, no punto único da Orde do Día, aprobou, por 68 votos a favor, ningún en contra e 1 abstención, a Proposta de Resolución do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación actual e perspectivas de futuro de Galicia (DOC n.º 11.517), co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

Que intensifique os traballos de concentración parcelaria, emprendendo programas específicos de actuación con cofinanciación comunitaria».

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 1989.

O PRESIDENTE
Tomás Pérez Vidal

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en Sesión celebrada o día 16 de marzo de 1989, no punto único da Orde do Día, aprobou, por 42 votos a favor, 2 en contra e 26 abstencións, a Proposta de Resolución do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación actual e perspectivas de futuro de Galicia (DOC n.º 11.518), co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

Presentar, no máis breve prazo posible, unha Lei de Saúde Mental que, recollendo as directrices do Plan Galego de Saúde Mental, permita poñer en práctica o contido do mesmo».

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 1989.

O PRESIDENTE
Tomás Pérez Vidal

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en Sesión celebrada o día 16 de marzo de 1989, no punto único da Orde do Día, aprobou, por 42 votos a favor, ningún en contra e 27 abstencións, a Proposta de Resolución do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación actual e perspectivas de futuro de Galicia (DOC n.º 11.519), co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

Que lle presente ó Parlamento de Galicia un Plan de instalacións deportivas tendente á dotación nos centros de distintos niveis da infraestrutura precisa que permita a práctica e o desenvolvemento das distintas modalidades deportivas, tendente á consecución dunha educación integral dos alumnos».

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 1989.

O PRESIDENTE
Tomás Pérez Vidal

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en Sesión celebrada o día 16 de marzo de 1989, no punto único da Orde do Día, aprobou, por 42 votos a favor, ningún en contra e 27 abstencións, a Proposta de Resolución do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación actual e perspectivas de futuro de Galicia (DOC n.º 11.520), co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

Que presente perante o Parlamento de Galicia un Plan de formación continuada do profesorado galego que permita facer fronte ós novos retos de innovación pedagóxica e reforma educativa, en período de debate e experimentación, de tal xeito que o dereito e deber do profesorado cara á súa formación se vexa realmente posibilitado e estimulado a través dunha planificación sistemática coordinada, inter-nivelar, interdisciplinar, contextualizada na realidade galega e aberta a outras experiencias no ámbito socio-cultural».

O que se publica para xeral coñecemento, ó abei-

ro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 1989.

O PRESIDENTE
Tomás Pérez Vidal

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en Sesión celebrada o día 16 de marzo de 1989, no punto único da Orde do Día, aprobou, por 41 votos a favor, ningún en contra e 28 abstencións, a Proposta de Resolución do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación actual e perspectivas de futuro de Galicia (DOC n.º 11.521), co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

Que realice as xestións precisas co Goberno Central para a urxente introducción do gas natural en Galicia, propiciando que o dito proxecto sexa incluído nos programas de desenvolvemento da CEE».

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 1989.

O PRESIDENTE
Tomás Pérez Vidal

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en Sesión celebrada o día 16 de marzo de 1989, no punto único da Orde do Día, aprobou, por 40 votos a favor, ningún en contra e 29 abstencións, a Proposta de Resolución do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación actual e perspectivas de futuro de Galicia (DOC n.º 11.522), co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

Para que intensifique a súa política de potenciación do sector de cultivos mariños, tentando por en explotación recursos e zonas actualmente infrautilizadas».

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 1989.

O PRESIDENTE
Tomás Pérez Vidal

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en Sesión celebrada o día 16 de marzo de 1989, no punto único da Orde do Día, aprobou, por 36 votos a favor, 3 en contra e 30 abstencións, a Proposta de Resolución do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación actual e perspectivas de futuro de Galicia (DOC n.º 11.523), co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

Que na redacción do Plan de Estradas de Galicia se proceda ó pleno acondicionamento da rede principal de estradas na nosa Comunidade Autónoma, que vertebrará o conxunto do país no horizonte do 1993».

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 1989.

O PRESIDENTE
Tomás Pérez Vidal

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en Sesión celebrada o día 16 de marzo de 1989, no punto único da Orde do Día, aprobou, por 40 votos a favor, ningún en contra e 27 abstencións, a Proposta de Resolución do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación actual e perspectivas de futuro de Galicia (DOC n.º 11.524), co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

Que proceda á revisión á alza do Plan de Portos de Galicia co fin de dota-los nosos portos das infraestruturas, dos servicios e dos equipamentos necesarios para serviren de motor ó desenvolvemento da nosa Comunidade».

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 1989.

O PRESIDENTE
Tomás Pérez Vidal

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en Sesión celebrada o día 16 de marzo de 1989, no punto único da Orde do Día, aprobou, por 42 votos a favor, ningún en contra e 27 abstencións, a Proposta de Resolución do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación actual e perspectivas de futuro de Galicia (DOC n.º 11.525), co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

Que proceda á redacción do Plan de Vivenda de Galicia que contemple actuacións de gran entidade nas grandes cidades de Galicia e a atención ás necesidades de vivendas sociais no conxunto do territorio, e estableza un marco de impulso á rehabilitación de vivendas, con especial incidencia na zona rural».

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 1989.

O PRESIDENTE
Tomás Pérez Vidal

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en Sesión celebrada o día 16 de marzo de 1989, no punto único da Orde do Día, aprobou, por 42 votos a favor, ningún en contra e 27 abstencións, a Proposta de Resolución do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación actual e perspectivas de futuro de Galicia (DOC n.º 11.526), co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

Que en materia de política hidráulica e no horizonte de 1993 proceda ó saneamento das grandes

rías galegas, dos núcleos fundamentais do río Miño e ó abastecemento de núcleos superiores ós 2.000 habitantes».

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 1989.

O PRESIDENTE
Tomás Pérez Vidal

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en Sesión celebrada o día 16 de marzo de 1989, no punto único da Orde do Día, aprobou, por 38 votos a favor, 3 en contra e 28 abstencións, a Proposta de Resolución do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación actual e perspectivas de futuro de Galicia (DOC n.º 11.527), co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

A que presente nesta Cámara, antes de que remate o actual Período de Sesións, o Plan de Desenvolvemento Rexional (PDR) de Galicia 1989-1993».

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 1989.

O PRESIDENTE
Tomás Pérez Vidal

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en Sesión celebrada o día 16 de marzo de 1989, no punto único da Orde do Día, aprobou, por unanimidade, a Proposta de Resolución do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación actual e perspectivas de futuro de Galicia (DOC n.º 11.528), co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

Reclamar do Goberno Central unha participación nos fondos estruturais da Comunidade Euro-

pea acorde coa filosofía redistributiva das propias institucións comunitarias; participación que non debería ser inferior a 200.000 millóns de pesetas no período de vixencia do PDR estatal».

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 1989.

O PRESIDENTE
Tomás Pérez Vidal

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en Sesión celebrada o día 16 de marzo de 1989, no punto único da Orde do Día, aprobou, por 38 votos a favor, ningún en contra e 31 abstencións, a Proposta de Resolución do G.P. Coalición Galega, sobre a situación actual e perspectivas de futuro de Galicia (DOC n.º 11.529), co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

Que se solicite do Goberno do Estado a inmediata execución das autovías A Coruña-Lugo-Benavente e Vigo-Ourense-Benavente, a mellora substancial das comunicacións no corredor cantábrico e con Portugal».

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 1989.

O PRESIDENTE
Tomás Pérez Vidal

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en Sesión celebrada o día 16 de marzo de 1989, no punto único da Orde do Día, aprobou, por 40 votos a favor, ningún en contra e 27 abstencións, a Proposta de Resolución do G.P. Coalición Galega, sobre a situación actual e perspectivas de futuro de Galicia (DOC n.º 11.530), co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

A que negocie co Goberno Central e coas CC.AA. unha revisión do Fondo de Compensación Interterritorial, que teña como obxectivo profundizar e acentua-lo carácter redistributivo e solidario dese instrumento financeiro».

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 1989.

O PRESIDENTE
Tomás Pérez Vidal

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en Sesión celebrada o día 16 de marzo de 1989, no punto único da Orde do Día, aprobou, por 37 votos a favor, ningún en contra e 31 abstencións, a Proposta de Resolución do G.P. Coalición Galega, sobre a situación actual e perspectivas de futuro de Galicia (DOC n.º 11.531), co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

Que presente no Parlamento de Galicia na actual Lexislatura o Mapa Cultural de Galicia».

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 1989.

O PRESIDENTE
Tomás Pérez Vidal

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en Sesión celebrada o día 16 de marzo de 1989, no punto único da Orde do Día, aprobou, por 42 votos a favor, ningún en contra e 27 abstencións, a Proposta de Resolución do G.P. Coalición Galega, sobre a situación actual e perspectivas de futuro de Galicia (DOC n.º 11.532), co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

A aprobar un Plan de actuacións en materia de seguridade e hixiene de carácter anual».

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 1989.

O PRESIDENTE
Tomás Pérez Vidal

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en Sesión celebrada o día 16 de marzo de 1989, no punto único da Orde do Día, aprobou, por 42 votos a favor, ningún en contra e 27 abstencións, a Proposta de Resolución do G.P. Coalición Galega, sobre a situación actual e perspectivas de futuro de Galicia (DOC n.º 11.533), co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

Para que antes do remate da actual Lexislatura lle dea cabo á cobertura total da RTG e da TVG, de feito que chegue a tódalas comarcas e áreas territoriais do país».

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 1989.

O PRESIDENTE
Tomás Pérez Vidal

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en Sesión celebrada o día 16 de marzo de 1989, no punto único da Orde do Día, aprobou, por 41 votos a favor, ningún en contra e 28 abstencións, a Proposta de Resolución do G.P. Coalición Galega, sobre a situación actual e perspectivas de futuro de Galicia (DOC n.º 11.534), co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

Á creación da Escola Galega de Saúde Pública».

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 1989.

O PRESIDENTE
Tomás Pérez Vidal

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en Sesión celebrada o día 16 de marzo de 1989, no punto único da Orde do Día, aprobou, por 36 votos a favor, 1 en contra e 32 abstencións, a Proposta de Resolución do G.P. Coalición Galega, sobre a situación actual e perspectivas de futuro de Galicia (DOC n.º 11.535), co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

A que remate a negociación da transferencia do INSALUD na presente Lexislatura».

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 1989.

O PRESIDENTE
Tomás Pérez Vidal

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en Sesión celebrada o día 16 de marzo de 1989, no punto único da Orde do Día, aprobou, por 42 votos a favor, ningún en contra e 26 abstencións, a Proposta de Resolución do G.P. Coalición Galega, sobre a situación actual e perspectivas de futuro de Galicia (DOC n.º 11.536), co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

Para que presente perante o Parlamento de Galicia un Plan de reparacións de centros escolares, con atención prioritaria ós de EXB, para a adecuación dos mesmos ás esixencias actuais e a súa acomodación ás derivadas da reforma do ensino».

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 1989.

O PRESIDENTE
Tomás Pérez Vidal

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en Sesión celebrada o día 16 de marzo de 1989, no punto único da Orde do Día, aprobou, por 36 votos a favor, ningún en contra e 31 abstencións, a Proposta de Resolución do G.P. Coalición Galega, sobre a situación actual e as perspectivas de futuro de Galicia (doc. n.º 11.537), co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

Que no Plan de Transporte Ferroviario se contemple a incorporación de Galicia ó proceso de modernización do transporte ferroviario en España (Plan de Transporte Ferroviario - Alta Velocidade e Ancho de Vía) e se estableza un marco de actuacións de tal xeito que dean resposta ás demandas do transporte de ferrocarril actuais e á súa evolución de futuro».

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 1989.

O PRESIDENTE
Tomás Pérez Vidal

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en Sesión celebrada o día 16 de marzo de 1989, no punto único da Orde do Día, aprobou, por 42 votos a favor, ningún en contra e 27 abstencións, a Proposta de Resolución do G.P. Coalición Galega, sobre a situación actual e as perspectivas de futuro de Galicia (doc. n.º 11.538), co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

Adoptar todo tipo de medidas conducentes a unha aceleración do Plan de Electrificación Rural de Galicia (PERGA) nos vindeiros cinco anos, recabando da Administración Central unha maior aportación de fondos dos que actualmente recibe.

Toma-las medidas necesarias ante as empresas eléctricas distribuidoras de enerxía no medio rural, para que as obras incluídas nos Plans anuais de electrificación sexan realizadas no propio exercicio presupostario, e non co retraso con que se están levando a cabo»

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 1989.

O PRESIDENTE
Tomás Pérez Vidal

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en Sesión celebrada o día 16 de marzo de 1989, no punto único da Orde do Día, aprobou, por 41 votos a favor, ningún en contra e 27 abstencións, a Proposta de Resolución do G.P. Coalición Galega, sobre a situación actual e as perspectivas de futuro de Galicia (doc. n.º 11.539), co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia:

A que considere como prioritario a finalización do Parque Tecnolóxico de Galicia co fin de promover a creación de novas empresas de alto contido investigador e o desenvolvemento e a aplicación das novas tecnoloxías en Galicia».

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 1989.

O PRESIDENTE
Tomás Pérez Vidal

VI. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

I. INFORMACIÓN

PRESIDENCIA

A Mesa do Parlamento, en reunión celebrada o día 4 de abril de 1989, acordou aproba-las bases do concurso para o outorgamento, en rexime de concesión, do servico de cafetería do Pazo do Parlamento de Galicia.

Ordénase a súa publicación en cumprimento do disposto nos artigos 65 do Regulamento e concordantes da lexislación vixente.

Santiago de Compostela, 7 de abril de 1989.

O PRESIDENTE
Tomás Pérez Vidal

Bases do concurso para o outorgamento, en rexime de concesión, do servico de cafetería do Pazo do Parlamento de Galicia, sito na rúa do Hórreo, de Santiago de Compostela

1.—Obxecto

É obxecto da concesión a xestión e explotación do servico de cafetería nos locais destinados para o efecto no Pazo do Parlamento de Galicia. A prestación do servico suxeitarase ás condicións previstas nos Anexos I, II e III.

II.—Duración da concesión

A concesión outorgarase polo prazo de tres anos. Poderá ser prorrogada por un ano, se calquera das partes non solicita a rescisión con tres meses de antelación ó remate do prazo inicial.

III.—Condicións técnicas

1.ª—O concesionario está obrigado a:

a) A subministra-los artigos propios dos establecementos de cafetería coa calidade que esixe un servico esmerado e debidamente atendido.

b) A exhibi-las listas de precios aprobados pola Mesa do Parlamento, á vista do público. Estes precios poderán ser obxecto de revisión por períodos

de tempo determinados a petición razoada do adxudicatario e sempre baseándose nas subas dos precios no mercado dos produtos que incidan no custo do servico, incluídos os gastos de persoal e subministracións. En ningún caso os precios que se fixen serán superiores ós que rexan nos establecementos abertos ó público en xeral.

c) A ter á disposición dos usuarios unhas follas de reclamacións, nas que poderán facer constar as queixas das deficiencias que se poidan observar no servico. Estas follas deberanlle ser remitidas á Mesa do Parlamento, no prazo de vinte e catro horas.

2.ª—O concesionario poderá ser requirido pola referida Mesa do Parlamento para servir en recepcións, congresos e demais actos sociais organizados polo Parlamento. Para tal fin e logo da pertinente invitación, fixaranse de común acordo as condicións económicas da súa prestación.

IV.—Condicións económicas

O canon mínimo que debe satisfacer ó Parlamento de Galicia é de (duascentas mil) 200.000 pesetas anuais, que deberá ingresa-lo concesionario na Intervención do Parlamento, por mensualidades anticipadas.

V.—Licitadores

Poderán presentarse a este concurso e formula-las conseguíntes proposicións, con subxección ás cláusulas deste prego, as persoas naturais e xurídicas que, tendo plena capacidade de obrar, se dediquen habitualmente á profesión da hostelería e non estean comprendidas nalgunha das circunstancias enumeradas nos artigos 9 da Lei de Contratos do Estado, segundo a nova redacción dada ó mesmo polo Real Decreto lexislativo 931/1986, do 28 de novembro, e tamén no 24 cando se trate de empresas estranxeiras.

VI.—Proposicións

Presentaranse en sobre pechado —que poderá estar lacrado e precintado—, no Rexistro Xeral do Parlamento, ubicado na planta alta, á sur, do Pazo do Parlamento de Santiago de Compostela, entre as nove e as catorce horas, ata o día 12 de maio de 1989.

VII.—Documentos anexos á proposición

As proposicións xuntaráselle-la seguinte documentación:

a) Documentación acreditativa da persoalidade do licitador a teor do disposto no artigo 25 do Regulamento de Contratación Xeral e escritura de poder de quen ostente a representación dunha persoa física ou xurídica, bastantada polo Oficial Maior ou Letrado do Parlamento.

b) Declaración xurada na que conste que o proponente se encontra en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar e non se encontra incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade para contratar previstas no artigo 23 do Regulamento Xeral de Contratación do Estado e na Lei 25/83, do 25 de decembro, sobre incompatibilidades de alto cargos, e na Lei 53/84, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ó servicio da Administración Pública.

c) Xustificante acreditativo da constitución da fianza provisoria.

d) Declaración de conformidade coa lista de precios prefixada en relación cos artigos esixidos polo Parlamento de Galicia.

e) Lista de precios dos artigos alimenticios reflexados no Anexo II, que non fosen prefixados polo Parlamento.

f) Lista de precios e composición dos pratos combinados que o concursante considere ofertar.

g) Currículo do concursante, acreditativo da súa experiencia profesional.

VIII.—Fianzas

1.—Provisoria:

Será requisito necesario para participar na licitación acredita-la consignación previa dunha fianza provisoria de 100.000 pesetas constituída en metálico, títulos da Débeda Pública ou aval bancario, a teor das OO.MM. do 10 de maio de 1968 e do 23 de marzo de 1972.

2.—Definitiva:

O adxudicatario está obrigado a constituír fianza

definitiva por un importe de 250.000 pesetas nalgunha das modalidades previstas no apartado anterior, que deberá acreditar no prazo de vintecinco días, contados desde que se lle notifique a adxudicación definitiva.

3.—A fianza responderá dos seguintes conceptos:

a) Das penalidades impostas pola Lei ó adxudicatario por incumprimento da concesión.

b) Do resarcimento de danos e perdas que o adxudicatario lle ocasionase ó Parlamento de Galicia polo motivo anterior.

c) Da incautación que se poida decretar nos casos de resolución da concesión, de acordo co establecido nas Leis de Contratos do Estado e de Patrimonio.

4.—A fianza estará primordialmente afecta ás responsabilidades mencionadas, e para facela efectiva o Parlamento de Galicia procederá á execución sobre o patrimonio do concesionario, pola diferenza.

IX.—Apertura de plicas

1.—A apertura de plicas terá lugar ás doce horas do día 15 de maio e o acto celebrárase no Pazo do Parlamento, sito na rúa do Hórreo, ante a Mesa do Parlamento, que actuará como Mesa de Contratación, incorporándose á mesa un Letrado e o Interventor Xeral do Parlamento.

2.—A Mesa de contratación, despois de rexeitar, se é o caso, as proposicións que non reúnan os requisitos enumerados neste prego, pasarálle-lo expediente ós Servizos do Parlamento competentes por razón da materia, que emitirán informe técnico en relación coas proposicións presentadas.

X.—Criterios de adxudicación do concurso

A Mesa do Parlamento reserva para si a facultade de lle adxudica-lo concurso á proposición que considere máis avantaxosa, sen atender necesariamente ó valor económico da mesma, ou declaralo deserto se ningunha das proposicións satisfán adecuadamente os intereses públicos do Parlamento de Galicia, aínda no suposto de se presentar un só licitador, segundo prevé o artigo 36 do texto articulado da Lei de Bases de Contratos do Estado redactado conforme ó Real Decreto lexislativo 931/1986, do 2 de maio.

Para a adxudicación teranse en conta conxuntamente, entre outros, os seguintes factores:

a) Experiencia e referencias técnicas no sector da hostelería.

b) Abaratamento da lista de precios que se vai fixar.

c) Incremento do canon anual.

d) Oferta de prestacións complementarias que poida constituír melloras, tanto de calidade coma de precios para o usuario.

e) Calquera outro factor ou extremo que, aínda non especificado, poida ser de interese en canto a unha maior calidade da prestación.

XI.—Formalización

1.—O adxudicatario do concurso queda obrigado a formalizar, dentro dos dez días hábiles seguintes ó da presentación da documentación requirida, o correspondente contrato en documento administrativo, de acordo co disposto no artigo 25 do Regulamento Xeral de Contratación.

2.—O concesionario presentará no prazo de dez (10) días, a partir da data de formalización do contrato, unha relación do persoal que prestará os seus servizos, xunto cunha fotografía tipo carné de cada un dos seus membros.

XII.—Outras obrigas do concesionario

O concesionario será responsable:

a) Do pagamento dos arbitrios, taxas e impostos e de toda clase de pagamentos derivados da explotación e establecidos por disposición legal ou regulamentaria así como do consumo de electricidade, gas ou combustible, auga, etc., que se utilice para o funcionamento das instalacións.

b) De xestiona-lo servizo co persoal que detallou na proposición. A variación de calquera persoa das especificadas na oferta inicial deberá ser autorizada previamente polo Parlamento de Galicia. En ningún caso, o persoal ocupado nos servizos obxecto de concesión terá o carácter de persoal laboral do Parlamento, asumindo o concesionario integramente as responsabilidades que como empresario poida contraer en materia laboral e de Seguridade Social.

O concesionario xustificará estar ó día dos seus pagamentos á Seguridade Social, no relativo ó persoal que presta os seus servizos na mencionada cafetería e cantas veces lle sexa esixido polo Parlamento de Galicia.

XIII.—Resolución da concesión

Como causas especiais de resolución do contrato, que será acordada pola Mesa do Parlamento logo do correspondente expediente, con audiencia do interesado, sinálanse as seguintes:

1.^a—A variación das persoas que estean asignadas á concesión, sen autorización previa da Mesa do Parlamento de Galicia.

2.^a—O cobro de precios por riba dos autorizados pola Mesa do Parlamento ou sen a autorización desta.

3.^a—A prestación do servizo notoriamente deficiente, logo do apercibimento por parte da Mesa do Parlamento.

Ademais, o contrato poderá rescindir-se por calquera das causas previstas na Lei de Contratos do Estado.

XIV.—Natureza xurídica e interpretación da concesión

As presentes bases e a concesión do servizo de cafetería no Pazo do Parlamento de Galicia, sito na rúa do Hórreo, son de natureza administrativa.

A Mesa do Parlamento de Galicia é o órgano competente para dirixir, interpretar e suspender a concesión, na forma e condicións que establece a lexislación vixente. As cuestións litixiosas que se deriven da súa interpretación, modificación ou resolución serán resoltas pola Mesa, e os seus acordos poñerán fin á vía administrativa, quedando aberta a vía contencioso-administrativa.

A xurisdicción contencioso-administrativa é a única competente en cantas cuestións se deriven do contrato.

XV.—Dereito supletorio

Para o non previsto no presente prego, será aplicable a Lei de Contratos do Estado, o seu Regulamento Xeral de Contratación e as Leis de Patrimonio do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.

Modelo de proposición

Don/Dona.....,
con domicilio en.....,
rúa....., n.º.....,
D.N.I. n.º....., expedido en.....
actuando en nome propio ou de.....
enteirado/a do anuncio publicado no D.O.G.
n.º....., de data....., e das condicións e requisitos que
se esixen nas bases do concurso para o outorgamen-
to, en rexime de concesión, do servizo de cafetería
do Parlamento de Galicia, sito na rúa do Hórreo de
Santiago de Compostela, así como do prego de con-
dicións técnicas que figura como Anexo I, compro-
métese a:

- 1.—«Tomar ó seu cargo a explotación, en rexime
de concesión, do servizo de cafetería do Pazo do
Parlamento de Galicia con subxección ás bases do
concurso e prego de condicións técnicas, e á presen-
te oferta, en canto non os contradiga.
- 2.—Aboar un canon anual de..... ptas.

Para tal fin achégalle á proposición os documen-
tos esixidos na base VII.

Lugar....., data.....

Anexo I


Prego de condicións técnicas

Este prego ten por obxecto a concesión do servi-
cio de cafetería no Pazo do Parlamento de Galicia.

I. Localización

O servizo prestarase no local destinado para isto
na planta baixa do Pazo do Parlamento.

O devandito local dispónse do seguinte xeito:



O cadro de superficies de cada unha das depen-
dencias é o seguinte:

Comedor.....	38,40 m. ²
Área de barra.....	100,28 m. ²
Barra.....	16,20 m. ²
Cociña.....	15,60 m. ²
Local de servizo da cociña.....	14,12 m. ²
Total m. ² útiles.....	184,60 m. ²

II. Equipamento

- A) O local entrégase equipado coa maquinaria,
moblaxe e utensilios relacionados no Anexo III, es-
timando a súa valoración en 7.545.447 pesetas.
- B) O adxudicatario aportará a vaixela, cristalería,

utensilios de cociña e mantelería necesarios para a
explotación do mencionado servizo.

Condicións de servizo

- A) O acceso á cafetería estará limitado ós Parla-
mentarios, persoal ó servizo do Parlamento e per-
soas que, previamente, pasasen os servizos de con-
trol ostentando a oportuna tarxeta de identifica-
ción.
- B) Tódolos complementos dos servizos, como
azucres (10 gr.) limón, aceite, vinagre, etc., serán ser-
vidos con carácter gratuíto.
- C) Os refrescos, colas, tónicas, etc., serviránse en
envase normal.
- D) O adxudicatario estará obrigado a manter en

bo estado os locais, instalacións e maquinaria entregados polo Parlamento de Galicia e tódalas reposicións precisas correrán ó seu cargo.

E) A limpeza dos locais (chans, cristais, portas, aseos, con aportacións de materiais consumibles, etc.) deberase realizar fóra do horario normal de funcionamento fixado para os servicios. Non obstante, procederase ó mantemento constante de aseos e chans.

F) Calquera tipo de instalación, cambio ou mello- ra que se pretenda realizar terá que contar coa aprobación da Mesa do Parlamento de Galicia. Non se poderán instalar en ningún caso máquinas recreativas dos tipos A e B.

G) O horario de servicio prestarase de forma ininterrompida desde as 8,30 ata as 20,00 horas, e de luns a venres.

Os días de Sesións plenarias ampliarase, se é o caso, ata o remate das mesmas.

Non obstante, o horario poderá ser modificado por necesidades de servicio, a instancia da Mesa do Parlamento, sen que isto implique dereito a reclama- ción ningunha por parte do adxudicatario.

H) Dispoñerán diariamente de, polo menos, catro pratos combinados.

Anexo II

Lista de Precios
(IVE incluído)

Cafés e infusións	Barra	Mesa
Café só, cortado ou con leite.....	50	55
Café con leite dobre (150 cm. ³)....	60	65
Café con leite de almorzo (180 cm. ³).....	65	70
Café soluble.....	50	55
Infusións.....	40	45
Vaso de leite (180 cm. ³).....	60	65
Chocolate.....		
Iogur con azucre.....		
Café soluble dobre.....	60	65
Chocolate dobre.....		
Café con xelo.....		

Bolos e repostería

Manteiga (ración).....

	Barra	Mesa
Marmelada (ración).....		
Torrada (dúas rebanadas).....	50	55
Croissant de pastelería.....	55	60
Madalenas (2 udes.).....	50	55
Bolo de leite - pastelería.....	55	60
Churros (ude.).....	10	11

Aperitivos

Mosto.....		
Vermú Cinzano e Martini.....		
Vermú con xenebra Larios, M.G. e semellantes.....		
Vermú con xenebra Gordon's na- cional.....		
Bitter Cinzano, Martini e seme- llantes.....		
Vermú Martini seco.....		

Cócteles e combinados

Martini seco con xenebra Larios e M.G.....		
Martini seco con xenebra Gor- don's.....		
Cuba libre con xenebra Fockink..		
Cuba libre con xenebra Gordon's ou Bacardi.....		
Cuba libre con xenebra de impor- tación.....		
Gin tonic con xenebra Larios.....		
Gin tonic con xenebra Fockink....		
Gin tonic con xenebra Gordon's..		
Gin tonic con xenebra de importa- ción.....		
Vodka con Schweppes.....		
Vodka con zume de laranxa.....		

Refrescos

Coca-cola, Pepsi-cola, Kas e seme- llantes.....	65	70
Tónica Schweppes e semellantes...	65	70
Laranxada natural	140	150
Zumes de tomate, pexego, piña, etc. (bote).....		
Colas e semellantes en bote.....		
Batidos.....		
Cacaolat e semellantes.....		
Augas minerais (1/3).....	60	65
Augas minerais (1 litro).....		
Piña coada.....		
Trinaranjus e semellantes.....	65	70

BarraMesa

Licores e anises

Triple seco, Licor 43, Pippermint...
Cointreau, Calisay, Benedictine,
Chartreuse.....
Marie Brizard e Estomacal.....
Asturiana, Praviana, Castellana e
semellantes.....
Baileys e semellantes.....

Xenebras, vodkas, rons e tequilas

Xenebra Larios, M.G., Giró e se-
mellantes.....
Xenebra Fockink.....
Xenebra Gordon's nacional.....
Xenebras de importación.....
Vodka Smirnoff e Eristow.....
Vodka de importación.....
Ron Bacardí e Negrita.....
Xenebra Tanqueray, Beefeater e
outras de importación.....

Ponches

Español, Real Tesoro, Cuesta e se-
mellantes.....

Coñacs

Soberano, Veterano, Felipe II e se-
mellantes.....
Magno, Carlos III e semellantes...
Torres 10.....
Carabela, Terry I e Carlos I.....
Duque de Alba, Lepanto.....
Cardenal Mendoza.....

Sidras e champañas

Botella de sidra.....
Botella de sidra (1/3).....
Botella de sidra (1/5).....
Benxamín e semellantes.....
Codorniu, Freixenet, Castelblanch
extra.....
Delapierre, Carta Blanca e seme-
llantes.....
Non Plus Ultra e semellantes.....
Grand Codorniu e semellantes.....
Champaña francés de importación

BarraMesa

Viños, finos, doces e secos

Tío Pepe, Dry Sac, Fino Quinta,
etc.....
Porto Bandeira e Málaga Virgen..

Viños (vaso)

Castela, Ribeiro a granel e simila-
res.....
Condado, Albariño, Ribeiro espe-
cial da casa, País e similares.....
Castil-Corvo, Claret, Campo Viejo
e similares.....

Whiskys

Nacional (un).....
Nacional (medio).....
Escocés (un).....
Escocés (medio).....
Escocés reserva (un).....
Escocés reserva (medio).....

Racións (non tapas)

Queixo do país.....
Xamón de York.....
Xamón serrano do país.....
Xamón asado.....
Salchichón e chourizo.....
Pincho moruno.....
Roxóns.....
Riles ó xerez.....
Fígado encebollado.....
Callos.....
Zorza frita.....
Fabada.....
Empanada.....
Caldo.....
Croquetas.....
Empanadillas.....
Polbo.....
Mexillóns.....
Tortilla.....
Sardiñas.....
Luras fritas.....
Chocos.....
Gambas á prancha.....
Gambas ó allo.....
Ameixas á mariñeira.....

	Barra	Mesa		Barra	Mesa
Bocadillos			Especiais «Extras» 1/5.....		
De xamón serrano (50 grs.).....	150	175	Woll-Damn 1/5.....		
De xamón York e queixo (50 grs.).....	100	125	Woll-Damn 1/3.....		
De chourizo, salchichón, etc. (50 grs.).....	100	125	Cervexas de barril		
De queixo (50 grs.).....			Cana de 200 gr.....	60	65
Hamburguesa.....			Tercio de 333 grs.....		
Tortilla española ou francesa.....	100	125	Xerra de 450 grs.....		
Bolo con bisté de vitela (100 grs.).....	200	225	Curto.....	40	45
Bolo con salchicha (unha peza)....			Pratos combinados		
1/2 bocadillo de xamón (125 grs.).....	75	85	—Prato n.º 1		
Sandwichs			Composición		Precio
De xamón serrano.....			—Prato n.º 2		
De xamón serrano e queixo.....			Composición		Precio
De xamón de York ou queixo.....			—Prato n.º 3		
De xamón de York, queixo, ovo ou vexetal.....			Composición		Precio
Cervexas embotelladas			—Prato n.º 4		
Especial nacional, 1/3.....	70	75	Composición		Precio
Especial nacional, 1/5.....	60	65	(No precio inclúense 1/4 litro de viño, unha cana de cervexa de 250 cm³ ou unha auga mineral ou un refresco de froitas ou cola, e, asemade, unha barra de pan de 110 gramos).		
Bote nacional.....					
De importación.....					
Especiais «Extras» 1/3.....					

Anexo III

Relación valorada de maquinaria, moblaxe e utensilios da cafetería do Parlamento de Galicia

Co fin de poñer en funcionamento a cafetería, instálase este material, do que a relación valorada é a seguinte:

2 udes. de mesa de comedor para 10 comensais, executada en madeira de carballo americano, con taboleiro de contrachapado de 8 m/m de espesor polas dúas caras sobre bastidor e trillaxe de madeira de piñeiro roxo, de dimensións 3.100 × 1.100 × 50 m/m, con cantos reforzados e estrutura portante en madeira de carballo macizo. Altura 0,70 m. A 112.000 ptas./ude. carballo.....	224.000 ptas.
8 udes. de mesa de cafetería, de dimensións 1,20 × 0.60 m. Altura 0,65 m. A 44.500 ptas./ude.	356.000 ptas.
20 udes. de silla para mesa de comedor executada en madeira de carballo americano. A 36.250 ptas./ude.....	725.000 ptas.
16 udes. de banco de asento executado en madeira maciza de carballo americano de dimensións 1.200 × 500 m/m e 0,40 m de altura c/ respaldo. A 58.700 ptas./ude.....	939.200 ptas.

1 ude. de botelleiro sobre-barra de 350 m/m de ancho. Constituído por estrutura portante a base de religa de aceiro galvanizado acabado en cobre con repisa e frontispicio de vidro laminar de dobre folla, estratificado, de 6 m/m de espesor, formado por dúas pranchas de vidro planilux de 3 m/m con interposición de lámina de butiral de polivinilo. i/carcasa continua en chapa de cobre 0,8 m/m de espesor para aloxamento de luminaria.....	958.500 ptas.
10 udes. de taborete en estrutura e tapa de asiento en madeira maciza de carballo americano de 75 cm de alto. A 23.100 ptas./ude.....	231.000 ptas.
1 ude. de biombo pregable de 6 m de desenrolo e 2 m de altura, executada en madeira de carballo americano.....	240.000 ptas.
1 ude. de máquina cafeteira automática, de dous grupos. Potencia eléctrica 4.000 W, 220/230 V, e dimensións 770 × 510 × 465 m/m.....	379.000 ptas.
1 ude. de muíño dosificador con automático de paro e marcha, para trituración do café, con carcasa de aceiro inoxidable; de 500 W de potencia e tensión 220 V.....	38.500 ptas.
1 ude. de lavavasos e tazas, en chapa de aceiro inoxidable 18/8, de 3.000 W de potencia e dimensións 620 × 545 × 530 m/m.....	159.000 ptas.
1 ude. de máquina de lavalouza en chapa de aceiro inoxidable 18/8, potencia 6.000 W. Dimensións 670/570/680 m/m.....	215.600 ptas.
1 ude. de máquina refrixeradora por auga, para fabricar cubos de xelo, con estrutura externa en chapa de aceiro inoxidable e interior en fibra ABS. Dimensións 500 × 570 × 895 m/m, potencia 400 W e rendemento 40 kg/día.....	205.800 ptas.
1 ude. de batedor eléctrico con motor monofásico e 250 W de potencia. Dimensións 200 × 175 m/m e 550 m/m de alto. Construída en chapa de aceiro inoxidable.....	42.905 ptas.
1 ude. de máquina espremadora de zumes con motor monofásico de 250 W, de dimensións 221 × 410 m/m, fabricada en chapa de aceiro inoxidable 18/8.....	57.200 ptas.
1 ude. de cociña eléctrica, industrial, de 4 placas e forno. Potencia 18.500 W. Dimensións 800 × 900 × 850 m/m, construída en chapa de aceiro inoxidable 18/10.....	497.600 ptas.
2 udes. de fritidora eléctrica de sobremesa en chapa de aceiro inoxidable cunha cuba de 6 l, de 3.000 W de potencia e dimensións 330 × 440 × 460 m/m. A 53.680 ptas./ude.....	107.360 ptas.
2 udes. de armario enfriador de botellas de corpo baixo, fabricado en chapa de aceiro e inxectado en poliuretano. De dimensións 2.000 × 600 × 840 m/m e 500 W de potencia. A 230.916 ptas./ude	461.832 ptas.
2 udes. de armario de cociña para conxelación e conservación, fabricado en chapa de aceiro inoxidable e inxectado en poliuretano, c/dúas portas e cubetas independentes. De dimensións 1.200 × 600 × 2.000 m/m. Potencia 800 W. A 242.500 ptas./ude.....	242.500 ptas.
1 ude. de cortadora eléctrica de friames construída integramente en aluminio anodizado con coitela de aceiro inoxidable de 220 m/m de diámetro e motor eléctrico trifásico de 250 W de potencia..	64.550 ptas.
1 ude. de caixa rexistradora electrónica con rexistrador de ticktes e visor luminoso.....	180.950 ptas.

1 ude. de campá extractora de fumes en cociña, construída en armazón de aceiro inoxidable, de dimensións en planta 2,50 × 2,00 m s/e paredes acristaladas con vidro laminar de dobre folla, estratificado, de seguridade; constituído por dúas pranchas de vidro planilux de 3 m/m con interposición de lámina de polivinilo.....	259.250 ptas.
12 m/l de estantería construída en armazón de aceiro inoxidable e bandexas do mesmo material para instalación baixo a barra de cafetería. De dimensións 0,70 m de altura e 0,55 m de ancho. A 38.000 ptas. m/l.....	456.000 ptas.
5 m/l de estantería de cociña construída en ídem. anterior. De dimensións 1,90 m de alto e 0,70 m de ancho. A 48.500 ptas. m/l.....	242.500 ptas.
6 udes. de mesa de traballo en cociña. De dimensións 0,85 m de alto e 0,70 m de ancho. A 43.200 ptas./ude.....	<u>259.200 ptas.</u>
Total.....	7.543.447 ptas.

Nestes precios considérase incluído o IVE.

